

CORENTA ANOS DE LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña GONZÁLEZ REI

Durante os días 3 e 4 de novembro de 2023, tiveron lugar en Santiago, no Pazo de San Roque unhas xornadas-simposio co título «40 anos de Lei de Normalización Lingüística», enmarcadas dentro da serie *Olladas no pasado*, unhas xornadas periódicas, organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades, que tratan de examinar e revisitar feitos relevantes da historia relativamente recente de Galicia.

Este simposio, coordinado por Manuel González González (coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro) e Amancio Liñares (coordinador da liña de estudo de historia contemporánea do mesmo centro), pretendía examinar os resultados da aplicación da Lei de Normalización Lingüística nestes corenta anos de vixencia, avalialos e, sobre todo, reflexionar á vista dos resultados sobre os camiños que cómpre tomar no futuro para lograr a normalización plena da lingua galega.

Os traballos comezaron o día 3 co acto inaugural no que interviñeron o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Presidenta do Consello da Cultura Galega, o Presidente da Real Academia Galega, e os dous coordinadores das xornadas. Nesta inauguración incidiuse na alta importancia destas xornadas, porque afectan á reflexión sobre a lingua galega, e a lingua é un instrumento que está presente na maioría das actividades que realizamos ao longo do día. Pero a lingua galega, amais de medio de comunicación dunha gran parte do pobo galego, é o seu principal elemento de identidade, unha argamasa que lle dá cohesión social, un espello que reflicte a súa maneira de pensar e de ver o mundo, e un cordón umbilical que o une co seu pasado, coa historia das xentes que habitaron este territorio desde tempos inmemoriais e que, dunha maneira ou doutra, deixaron nela as súas pegadas. Nesta lingua, continuadora do latín da Gallaecia, conviven desde elementos preindoeuropeos ata préstamos relativamente recentes, incorporados a través do Camiño de Santiago ou das Ordes Monásticas, ou dos mares que percorreron os mariñeiros desta Terra. Por iso a lingua é tan importante, e tan necesaria a reflexión para asegurar o seu futuro.

Púxose de manifesto a necesidade de revisar a Lei 3/1983, de 15 de xuño, coñecida como «Lei de normalización lingüística», que só foi modificada, e non para ben, no ano 1986 para dar cumprimento á Sentenza do Tribunal Constitucional, de 26 de xuño dese ano, como consecuencia do recurso presentado polo Goberno de España, e que obrigaba a eliminar o inciso do seu artigo 1, que facía referencia ao «deber de coñecer o galego». No demais mantívose intacta ao longo dos corenta anos, e parece que, coa velocidade a

que se producen os cambios sociais, corenta anos é un período demasiado longo para que unha lei deste tipo permaneza sen actualizar.

Os traballos do simposio organizáronse mediante a combinación dunha serie de conferencias-relatorio, todas elas seguidas dun debate, e de dúas mesas redondas que incidían nos dous extremos temporais destes corenta anos: a propia xestación da Lei no Parlamento de Galicia, e unha reflexión sobre qué facer no día de hoxe para acadar a normalización do galego, á vista dos logros e dos fracasos desta Lei.

A primeira conferencia, co título *A Galicia dos anos 80*, a cargo de Daniela Ferrández Pérez, ofreceu unha visión do ambiente histórico e da efervescencia social que se vivía en Galicia nos primeiros anos do posfranquismo e no proceso de recuperación da democracia, cunha serie de acontecementos, de situacións e de cambios (algúns deles traumáticos), entre os que destacou pola súa importancia: as manifestacións na Xornada pola Autonomía de Galicia e pro-estatuto en decembro de 1977; os movementos ao redor da elaboración e aprobación do Estatuto de Galicia; o réxime preautonómico de 1978, que crea as estruturas da Xunta de Galicia; os procesos electorais dos anos 80; as crises do petróleo de 1973 e 1979; a política de reconversión industrial do goberno estatal (1982-1986) e as súas consecuencias na industria naval galega, cunha forte conflitividade social; o asentamento da industria de automoción; o mantemento da industria pesqueira e conserveira, co reforzamento da acuicultura; a especialización en recursos forestais, vitivinícolas e en produción leiteira; ou a progresión da industria téxtil na década dos 80 e a súa consolidación nos anos 90.

O simposio contou cunha conferencia marco sobre *Linguas minorizadas e dereitos lingüísticos*, que pronunciou a xurista e catedrática de dereito Alba Nogueira, quen fixo unha presentación dos distintos modelos de dereitos lingüísticos nos países plurilingües, pois é nestes países onde se poñen en marcha normas de regulación lingüística. Salientou a importancia que no seu día se lle deu á LNL no inicio da andadura autonómica, como pon de manifesto o feito de que esta sexa a terceira lei aprobada polo Parlamento de Galicia. Pero é unha lei programática que carece de medidas para que os dereitos se fagan efectivos, unha lei que se centra fundamentalmente na Administración pública e no Ensino, e na que hai moitos campos inexplorados. Criticou a falta de progresividade na aplicación das medidas de normalización lingüística e o carácter belixerante do Tribunal Supremo en contra dos dereitos lingüísticos das “outras” linguas de España.

Na exposición *A Lei de Normalización Lingüística e a Administración*, Henrique Monteagudo Romero salientou a importancia de ser unha lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, pero que conta coa pexa de partida da posición subordinada do galego con respecto ao castelán. Na valoración da aplicación da LNL, considerou que a política da Xunta se centrou en promocionar o galego nas institucións e na programación cultural, e valorou como feitos moi positivos a Creación da Dirección Xeral de Política Lingüística, principal encargada da aplicación desta Lei e a creación de Departamentos de Normalización Lingüística en institucións coma o Parlamento ou as Audiencias provinciais. Destacou tamén o feito de que esta lei acelerase o proceso de elaboración dunha norma lingüística unificada, que desembocou nas *Normas ILG-RAG* de 1983 e, posteriormente, na coñecida como normativa de concordia do ano 2003. Salientou a oportunidade perdida da aplicación do *Plan Xeral de Normalización Lingüística de Galicia* do ano

2004, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia, xa que existía un ambiente favorable para a posta en marcha dunha política proactiva; e o efecto negativo do Decreto de 2010, onde prima o neoliberalismo lingüístico, no que se adoptan medidas retrógradas, e que deu lugar á creación dun ambiente escuro ao redor da lingua galega.

Xosé González Martínez foi o encargado de desenvolver o tema *A Lei de Normalización Lingüística e a Empresa*. Considera que a LNL obtivo no ámbito da empresa logros cativos en relación aos que podía ter acadado e criticou o que el considera unha excesiva filoloxización do proceso de normalización lingüística. Insistiu na necesidade de implicar con maior profundidade a empresa privada no proceso de normalización lingüística, e de difundir no ámbito formativo o coñecemento de personalidades e iniciativas que foron exemplo de compromiso e fidelidade á lingua galega fóra da literatura e da lingüística. Por exemplo, na medicina (Antón Beiras e Rof Carballo), ou na economía (a *Revista de economía de Galicia*; Álvaro Gil Varela; Antonio Fernández López; o *Almanaque agrícola ZZ*, do que se distribuían cada ano uns 350.000 exemplares; Jesús Canabal, creador do Banco de Galicia; ou Álvaro de las Casas). Insistiu na necesidade de afondar no modelo de iniciativas e prácticas como as que no seu día desembocaron na galeguización de empresas como *Castromil* ou *Construcións Malvar*, e que hoxe están dando froitos en ámbitos como o da viticultura ou de certas industrias agroalimentarias. Lembrou tamén a responsabilidade dos consumidores, de aí a necesidade de levar a cabo campañas, como as realizadas polo Foro Enrique Peinador, para reivindicar a prestación de servizos en galego, e para o consumo preferente de produtos etiquetados en galego.

Enrique Sanfiz, na conferencia *A Lei de Normalización Lingüística e os Medios de Comunicación*, partiu da análise do tratamento dos medios de comunicación na Lei de Normalización Lingüística, e realizou unha exposición da evolución da presenza do galego nos medios durante estes 40 anos, facendo unha cala especial na situación no ano 2006, para finalizar reflexionando sobre os retos de futuro. Na súa opinión, aínda que en xeral se cumpre o mandado do artigo 18 da LNL, que establece que o galego será a lingua usual dos medios de comunicación dependentes das institucións da Comunidade Autónoma, está moi lonxe de cumprirse o espírito do art. 19, que di que o goberno galego prestará apoio económico aos medios de comunicación que usen o galego de maneira progresiva, xa que as subvencións outorgadas aos medios de comunicación con máis uso do galego son en xeral moi inferiores ás recibidas polos medios de comunicación que se expresan moi maioritariamente en castelán. Tamén salientou a importancia dos medios de comunicación de carácter municipal ou local, onde as televisións están sufrindo un retroceso, aínda que non así as radios, que presentan unha notable vitalidade. Os medios locais deben saber aproveitar a proximidade, a orixinalidade, a creatividade e as oportunidades das novas tecnoloxías.

Na conferencia *A Lei de Normalización Lingüística e o ensino*, Manuel Portas indicou que ningún texto lexislativo é inamovible, polo que as leis deben ser dinámicas, periodicamente revisadas e actualizadas, para serviren a unha comunidade viva e en constante transformación. Partiu da consideración xeral de que a aplicación e os resultados da LNL en todas as esferas da vida colectiva en que se centra (usos lingüísticos oficiais das administracións, nomeadamente a xustiza, a educación, os medios de comunicación, a promoción do denominado galego exterior) presentan luces e sombras.

Para facer unha avaliación dos resultados da LNL no ámbito do ensino cómpre ter en conta que tanto a propia lei coma os decretos e as ordes que a desenvolveron fixaron como obxectivo garantir que o alumnado ao finalizar os seus estudos obrigatorios tivese o mesmo nivel de competencia lingüística en galego e en castelán. E isto debía conseguirse procurando que o primeiro ensino fose na lingua inicial do alumno e que non houbera nas aulas separación por razón de lingua. Para acadar esa igualdade no dominio dunha e doutra lingua, optouse por manter un equilibrio harmónico no uso dos dous idiomas na impartición das aulas das diferentes disciplinas. Así, a partir do Decreto 247/1995, prescribíase o emprego do galego en materias e áreas concretas, deixando que os centros determinasen o reparto das linguas vehiculares no resto da docencia, tendo en conta o contexto sociolingüístico. Iso si, coa condición de manter o mencionado equilibrio no uso das dúas linguas como criterio fundamental. Este ideal do equilibrio mantense nas formulacións posteriores, mesmo nos principios do Decreto 79/2010, *para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

Se facemos caso das enquisas, as competencias en galego dos estudantes son altas, pero o uso non se corresponde con este nivel de capacidade. Que acontece entón? O relator considera que estes datos hai que miralos con certa prevención: a información que se manexa con relación ás competencias é a que declaran —máis que probablemente— os proxenitores, e a súa percepción pode non ser obxectiva ao asentir nunha valoración non formada e emitida no curso dunha entrevista; e que para valorar o suposto dominio das destrezas en galego cómpre contrastalo co dominio desas mesmas destrezas en castelán. Os rapaces tenden a escoller a lingua en que se senten máis cómodos, en que consideran que se expresan mellor, se non existe un condicionante previo, chámese hábito social nun contorno determinado, chámese norma de uso, escrita ou non.

No Decreto 79/2010, *para o plurilingüismo*, o problema radica na contradición real entre o principio da garantía do suposto *máximo equilibrio* nas linguas empregadas nas materias e o da garantía da *adquisición dunha competencia en igualdade* nas dúas linguas, porque o obxectivo de adquirir unha competencia igual nas dúas linguas non é compatible co seu reparto ao 50 % na docencia en ambas as dúas linguas. Non se pode pretender que o alumnado acade unha competencia similar cando non se parte dun nivel similar no dominio lingüístico previo ou cando a lingua ambiental, e/ou a da familia, e/ou a do ocio, e/ou a dos medios de comunicación, e/ou a das súas lecturas, e/ou a dos filmes que vai ver ao cinema bascula desproporcionadamente cara ao castelán... Calquera rapaz ou rapaza castelanfalante, que está estudando nun instituto dunha cidade, precisaría dunha maior exposición ao galego e unha maior exercitación no seu uso para atinxir un dominio aproximado ao que ten en castelán.

Parece ademais evidente que descansar só no sistema educativo o proceso de formación na competencia lingüística e, sobre todo, da súa práctica social, é un proceso condenado ao fracaso. Se pretendemos recuperar falantes, cómpre ofrecer á xente nova contornos de vida normalizados en galego alén do mundo do ensino: música, literatura, xogos, programas audiovisuais, filmes, avances tecnolóxicos, nomeadamente os vencellados ás redes sociais coas que se están a comunicar moitas horas ao día.

Resulta urxente ofrecer unha rede completa de ensino infantil en galego en todo o país, e moi en especial nas áreas urbanas máis castelanizadas, para tentar compensar a

dramática ruptura da transmisión interxeracional, con campañas de sensibilización especificamente dirixidas aos pais e ás nais.

A partir dun mínimo do 50 % da docencia en galego (o tope máximo actual), o centro educativo, tendo en conta as características sociolingüísticas do alumnado, debe ter a posibilidade de incrementar o uso do idioma propio, logo do seu tratamento en profundidade nos Claustros e nos Consellos Escolares, todo baixo a coordinación do Equipo de Normalización-Dinamización Lingüística, plasmando a súa proposta concreta no Proxecto Lingüístico de Centro, coas súas especificacións, cos seus procesos avaliativos, e contando sempre con apoio técnico de equipos especializados proporcionados desde a administración.

Do tema *A Lei de Normalización Lingüística e a Toponimia* encargouse Gonzalo Navaza, para quen a LNL tivo un efecto decisivo na recuperación e oficialización da toponimia de Galicia. Nela establécense os principios legais nos que se basearían as futuras actuacións neste eido. No seu art. 10 establece que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega, e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. Só os nomes das vías urbanas serán determinados polo Concello correspondente. A Lei esclarece que estas denominacións son as legais para todos os efectos e a rotulación terá que concordar con elas.

Para ditaminar sobre a forma correcta dos topónimos o goberno galego nomeou unha Comisión de Toponimia, que pasou por distintas reestruturacións, e as súas propostas sufriron tamén pequenas modificacións en sucesivas revisións levadas a cabo ao longo destes corenta anos. Neste momento o traballo de revisión da forma correcta dos topónimos lévase a cabo no Seminario de Onomástica da Real Academia Galega.

Navaza puxo de relevo os avances que se produciron neste período na normalización dos nomes das nosas entidades de poboación (un terzo das existentes en todo o Estado español). Proceso levado a cabo, en xeral, sen traumatismos e sen grandes dificultades, a non ser nalgúns puntos moi concretos en que houbo certa resistencia por parte dalgúns líderes políticos, pero que se acabaron resolvendo favorablemente.

Neste proceso foi necesario estudar cada topónimo, un por un, para establecer a súa denominación oficial. Aínda que en xeral o establecemento da forma histórica autóctona dos topónimos non presentou especial dificultade, existen algúns casos en que non foi fácil por diversas razóns: porque non sempre se coñece a historia do topónimo, porque existen evolucións fonéticas diverxentes e non só de índole diatópica, ou porque hai certas formas moi asentadas popularmente que non resulta conveniente cambiar, aínda que non respondan aos criterios xerais establecidos para a determinación do nome máis acaído.

Hoxe están practicamente ditaminados todos os nomes das entidades de poboación, e estase traballando nun proxecto moito máis complexo que é a recollida da “toponimia menor”, mediante o proxecto *Galicia nomeada*, que trata de xeolocalizar e salvagardar todos os topónimos coñecidos de cada recanto do territorio galego.

A primeira das mesas redondas, que levaba o título de *A xénese e concepción da Lei de Normalización Lingüística no Parlamento de Galicia*, estivo coordinada por Amancio

Liñares e nela participaron tres destacados deputados naquel momento: Víctor Vázquez Portomeñe (de UCD e Conselleiro de Educación naquela altura), Xosé Luís Barreiro Rivas (de AP, e membro da comisión de redacción da Lei), Miguel Barros (do PSdeG-PSOE); e Pilar García Negro (do BNG, que accedeu ao Parlamento no ano 1989, e polo tanto nun momento posterior ao da aprobación desta Lei, pero boa coñecedora dela por ser unha das primeiras investigadoras en facer unha valoración da lei, na súa tese de doutoramento, pouco tempo despois de ser aprobada). Os tres membros do Parlamento no momento da aprobación da Lei coincidiron en subliñar o ambiente de ilusión e entusiasmo existente en todas as forzas políticas no momento da redacción da Lei, cun texto consensuado, que levaría á aprobación por unanimidade dos membros presentes no Parlamento (UCD, AP, PSOE e EG. Cómpre lembrar que os tres parlamentarios da coalición BNPG-PSG estaban fóra do Parlamento por se negaren a xurar a Constitución). Insistiron na conciencia da transcendencia do momento histórico, no que non se podía poñer en perigo o paso da ditadura á democracia, e en que isto facilitou moito as cousas. Neste contexto Camilo Nogueira, segundo informou Barreiro Rivas, fixo unha interpelación ao goberno sobre normalización lingüística, e inmediatamente presentou unha proposición de LNL, que se debateu, pero que non se chegou a votar, porque o propio Camilo, ante as advertencias dos outros grupos sobre a conveniencia de facer unha relatoría conxunta, decidiu retirala e sumarse á proposta unitaria. Tamén a propia Xunta, que no plano da normalización do corpus xa oficializara as normas da RAG, redactou o seu proxecto de LNL, que non se enviou ao Parlamento, pero que foi o texto que a relatoría tomou como base de traballo, e que era moi semellante ao da LNL de Cataluña. Salientaron igualmente que esta lei pretendía reforzar a identidade de Galicia, de aí que se insistise no seu preámbulo en que a lingua galega é o núcleo da nosa identidade, que nos une co pasado, e que para a súa continuidade no futuro é imprescindible a súa oficialización. É esta LNL a que permite precisamente poñer en marcha todos os instrumentos para exercer a oficialidade da lingua galega: incorporación como vehículo de comunicación da administración e do ensino, creación dos medios de comunicación públicos en lingua galega e, en xeral, impulso á edición en galego, normalización da toponimia, e toda unha serie de iniciativas de promoción da lingua galega na sociedade.

Consideran que a resposta social maioritaria foi de aceptación, aínda que existían minorías que mostraban un certo rexeitamento: certos sectores da sociedade que só falaban castelán (entre os que había que sinalar militares e funcionarios desprazados) e, mesmo no ensino, algúns viron o galego como unha carga de difícil superación, probablemente pola falta de tacto dalgúns profesores.

Insistiron tamén na idea de que a Lei en si non normaliza a lingua, senón as políticas que dela se derivan, e esas políticas son sempre discutibles, e en certos aspectos deben ser revisadas. Segundo Barreiro Rivas, no momento da elaboración da LNL o galego tiña unha boa saúde social, pero o resultado, visto de hoxe, é o dunha normalización inversa: o galego pasou a ser unha lingua ritual onde non se falaba, e onde se falaba empezou a deixarse de falar, ao que quizais contribuíu o feito de que a promoción do galego se encomendou a unha elite que, sen tradición galega previa, acabou facendo do galego unha lingua instalada nun estrato do que o pobo desconfiaba. Houbo un certo elitismo na promoción do galego, que crea unha distancia cos falantes.

Unha visión moito máis crítica foi a presentada por Pilar García Negro, quen considera que a lei aprobada é cativa, por limitada e por maniatada, xa que ten que adaptarse ao Estatuto, e o Estatuto ten que adaptarse á Constitución. Insistiu tamén na idea de que a normalización lingüística é un proceso, e o proceso dista moito de ser o ideal. Houbo intentos en 1993 e 2003 de elaborar unha nova Lei, que pretendía establecer deberes dos poderes públicos galegos para actuaren como imán de normalización lingüística, pero estes intentos foron freados polas maiorías parlamentarias do momento. A súa valoración ten que ser negativa: hai cincuenta anos Ramón Piñeiro advertía de que o galego tiña que gañar prestixio e gañar uso no mundo urbano, pero hoxe a situación que temos é a dunha progresiva mingua de falantes e o dunha deserción por parte dos gobernantes, que tiñan que ser os seus primeiros defensores. A pesar de que o punto de partida era óptimo, a LNL e a súa aplicación non lograron normalizar a lingua galega.

O simposio cerrouse coa mesa redonda, coordinada por Manuel González González, co título *40 anos de Lei de Normalización Lingüística: e agora, que?*, unha pregunta que parecía inescusable para interrogarse sobre os novos camiños que cómpre seguir neste momento de cara á normalización do galego despois de 40 anos que semella que non deron os froitos esperables, polo menos dunha maneira totalmente satisfactoria. Nesta mesa participaron Elisa Fernández Rei (directora do ILG), Pilar Ponte “a Profa” (profesora de galego, promotora da iniciativa *21 Días co Galego* e apasionada das TIC), Esther Estévez (condutora do espazo da TVG «Dígocho eu») e Senén Barro (director do *Citius*, e un dos responsables do proxecto *Nós* de tecnoloxías lingüísticas para o galego).

Todos os membros da mesa salientaron que, a pesar das boas intencións da Lei, esta non cumpriu coa súa principal finalidade, que é a de lograr a normalización social da lingua galega. E insinuouse que quizais non todas as forzas políticas entenden o mesmo por normalización lingüística: hai para quen a normalización do galego pasa pola súa implantación como lingua vehicular da gran maioría da sociedade, pero hai quen pensa que a normalización lingüística debe consistir simplemente en deixar que a demanda e o mercado regule o uso das linguas.

Outra coincidencia de todos os membros da mesa foi a de salientar o feito de que nestes corenta anos a sociedade galega sufriu unha fonda transformación, e que moitas realidades que deberían ser atendidas nesta lei nin sequera existían no ano 1983, polo que resulta absolutamente imprescindible elaborar unha nova ou complementala con outras leis sectoriais.

Tamén se sinalou a necesidade de clarificar nun texto legal o alcance de conceptos como “oficialidade” (termo comprometido, porque en determinadas ocasións parece que non significa o mesmo nin ten as mesmas implicacións cando se aplica ao castelán que cando se aplica ao galego) ou o de “lingua propia” (para determinar que implica esta realidade e a que consecuencias xurídicas pode dar lugar o recoñecemento de “lingua propia” fronte á que non o é?).

Amais de sinalaren unha serie de elementos básicos de que carece a LNL e que sería necesario incorporar á nova Lei (novas tecnoloxías, Internet, Redes sociais...), insistíuse moito na importancia das políticas que se leven a cabo, nas que debe haber unha asocia-

ción da lingua galega co progreso, coa modernidade, coa innovación e co futuro, e nas que non se debería perder de vista que a lingua é tamén un valor económico.

Este simposio estivo presidido por un forte dinamismo e por unha ampla e vivaz participación dos asistentes nos espazos dedicados aos coloquios, que sempre resultaron curtos, o que mostra que a lingua é un tema que segue preocupando, e que o debate sobre a avaliación da Lei de Normalización Lingüística debe continuar e, dalgunha maneira, debe estar sempre aberto.